

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 18 DE MAIO DO 2023.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <hr/>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezaioito de Maio do Dous mil vinte e tres, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 11/05/2023

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202305/185

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/05/2023. DECRETO: "RESOLUCIÓN DEL CONTRATO MENOR DE OBRAS "PAVIMENTACIÓN DE LA CARRETERA DE LAXES""



3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA DÚAS (2) VIVENDAS UNIFAMILIARES ADOSADAS (LICENZA DE OBRA Nº 327/07-XUNTA DE GOBERNO LOCAL 26/04/2007). LUGAR: LUGAR DE DEÁN PEQUEÑO, S/N, RIBEIRA. PROMOTOR: RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

VISTA a solicitude de **licenza de primeira ocupación** para **DÚAS VIVENDAS UNIFAMILIARES ADOSADAS** construída ao amparo da **licenza de obra nº 327/07 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2007)**, da que é promotor **RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, emito o seguinte informe, cumprindo así co disposto no e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

CONSIDERANDO que no Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2022, publicouse a **Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas** que en materia de medio ambiente e territorio **modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia**, co obxectivo de **substituír a licenza de primeira ocupación polo réxime de comunicación previa**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico favorable** emitido pola **enxeñeira municipal** con data **9 de febreiro de 2023** tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación onde fai constar que as dúas vivendas construídas cumpren as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente, o informe emitido con data **23 de febreiro de 2023** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **23 de febreiro de 2023** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. RAMÓN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ** **LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN para DÚAS VIVENDAS UNIFAMILIARES ADOSADAS** construídas ao amparo da **licenza de obra nº 327/07 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2007)**, sitas no lugar de Deán Pequeno, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0328215NH0102N0001LI, nos termos da **Certificación Final de Obra** visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 6 de maio de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, asinados pola arquitecta Dna. Mª Carmen Gago Fernández (col. nº 2.498) e polo arquitecto técnico D. Joaquín Gago Fernández (col. nº 1.967), **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Instalación de Electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado polo xefe de servizo D. Rosete Guzmán Palacios o día 8 de xaneiro de 2023.

SEGUNDO.-O interesado deberá actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións



- xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
 - Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
 - Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

CUARTO:-Notificalo presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: JOAQUIN CASAIS VIDAL. LUGAR: GÁNDARA, OLEIROS (RIBEIRA)

VISTA a solicitude da **licenza de segregación de fincas** incoada a instancia de **D. Joaquín Casais Vidal, no lugar de Gándara, Oleiros (RIBEIRA).**

ACREDITADO que consta **acta de cesión** asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día **25 de abril de 2022**

ACREDITADO que consta **contrato de cesión** asinado por **D. Joaquín Casais Vidal**, (DNI 33.195.581-A) o día **2 de maio de 2022**, que comprende unha superficie total de cesión de 240,58 m², resultando na franxa sita na Parcela A unha superficie de cesión de 90,10 m² e na Parcela B unha superficie de cesión de 150,48 m²

VISTO o **informe técnico** emitido pola arquitecta técnica municipal Dna. Nuria Morgade Pouse tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **25 de abril de 2023.**

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito** ao Departamento de Urbanismo D José Martínez de Llano Orosa con data **28 de abril de 2023.**

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **2 de maio de 2023.**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO:- CONCEDER a **D. Joaquín Casais Vidal LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 5/23)** con refª catastral nº 15074A032001730000KS sita no lugar de Muíños nº 21, Oleiros,



Ribeira, nos termos do Estudo Técnico de Segregación de parcelas redactado polo Sr. Óscar M. González Tubío, (arquitecto técnico col. nº 2.707) resultando finalmente dous (2) fincas de modo que:

-PARCELA MATRIZ:

Parcela inicial con refª catastral nº 15074A032001730000KS de medición real e comprobada de 4.743,00 m².

PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN

-PARCELA A: Parcela sita no lugar de Gándara, Oleiros, Ribeira, cunha superficie bruta de 3.122,58 m², superficie neta de 3.032,48 m², superficie de cesión de 90,10 m² que linda: Norte parcela B resultante da segregación; Sur camino, hoxe en día estrada asfaltada; Leste Sr. Juan Hermo; Oeste surco de auga que separa de Monte del Estado, (hoxe en día canalizado).

-PARCELA B: Parcela sita no lugar de Gándara, Oleiros, Ribeira, cunha superficie bruta de 1.621,13 m², superficie neta de 1.470,65 m², superficie de cesión de 150,48 m² que linda: Norte pista, hoxe en día estrada asfaltada; Sur parcela A resultante da segregación; Leste Sr. Juan Hermo; Oeste surco de auga que separa de Monte del Estado, (hoxe en día canalizado).

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Consta contrato de cesión asinado polo Sr. Joaquín Casais Vidal, (DNI 33.195.581-A), que comprende unha superficie total de cesión de 240,58 m², resultando na franxa sita na Parcela A unha superficie de cesión de 90,10 m² e na Parcela B unha superficie de cesión de 150,48 m².

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO.- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.



5.- VAO PERMANENTE – María Teresa Fernández de Matos

Visto o escrito presentado por **María Teresa Fernández de Matos**, de data 05/05/2023 (Registro de entrada nº 11.135), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Mosqueiros, nº 21 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 10/05/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María Teresa Fernández de Matos**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Mosqueiros, nº 21 (Castiñeiras), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

6.- VAO PERMANENTE – María Iris González Fraga

Visto o escrito presentado por **María Iris González Fraga**, de data 05/05/2023 (Registro de entrada nº 11.170), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Mosqueiros, nº 10 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 10/05/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María Iris González Fraga**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Mosqueiros, nº 10 (Castiñeiras), con ampliación de reserva con reforzo de pintado de liña amarela (5,00 m.) enfronte ao vao permanente, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



7.- CESIÓN DE USO GRATUÍTA CON CONDICIÓN ONEROSAS DE TRES PARCELAS PROPIEDAD DAS ENTIDADES “VILLAVAL INMOBILIARIA S.L.” E “AGRO DO BACELO, S.L.”, CO FIN DE DESTINALAS A USO DE APARCADOIRO MUNICIPAL.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 18/11/2022 co número 202200022331, Juan Carlos Escurís Villa, con DNI número 33241339Z, en nome e representación da entidade “VILLAVAL INMOBILIARIA S.L.”, con CIF B-15715519, e José Luís Escurís Villa, con DNI número 33237099Y, en nome e representación da entidade “AGRO DO BACELO, S.L.”, con CIF B-15916489, SOLICITAN que desde o Concello de Ribeira se proceda a levar a cabo coa maior axilidade a tramitación oportuna para a formalización do acordo-convenio de cesión para uso de aparcamento público das fincas mencionadas de seguido, baixo as condicións referidas a continuación:

Fincas obxecto de cesión de uso:

- Finca “*Brañal*”, de referencia catastral 15074A035003790000KR, sita no lugar de Brañal, polígono 35, parcela 379, da parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira. Superficie 486 metros cadrados.
- Finca “*Curros*”, de referencia catastral 0291902NH0009S0001FG, sita na Rúa Porto Novo, nº 28, da parroquia de Castiñeiras, municipio de Ribeira. Superficie 752 metros cadrados.
- Finca de referencia catastral 3444225NH0134S0000QG, sita no lugar de Río Miñoteiro, da parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira. Superficie 3.919 metros cadrados.

Condicións da cesión:

- Realizar a cesión de forma temporal e ata que os seus propietarios reclamen a dispoñibilidade das fincas cedidas, que se faría cunha antelación de dous meses previos á data de cancelación da cesión.
- O seu destino sería unicamente para uso de aparcamento público.
- Exonerar á entidade “*Villaval Inmobiliaria S.L.*” do custo do IBI correspondente dos inmobles que se refiren de seguido (3.040,92 euros aproximadamente), por todo o tempo de vixencia do acordo de cesión:

Orde	Refª Catastral	Inmoble	IBI (cota anual)	Enderezo
1	1230214NH0113S0001EF	Finca Caramacheiro	22,17 euros	Avda da Coruña
2	0514601NH0101N0001EF	Finca Rosalía de Castro	213,61 euros	Avda Rosalía de Castro
3	15074A008004470000KF	Finca 9 de agosto	84,12 euros	Rúa Alcalde Fdez Bermúdez, 86
4	15974A008000690000KR	Finca Habana nº 1	9,12 euros	Rúa Habana
5	15074A008010380001LL	Finca Habana nº 2		Rúa Pumariño
6	0322701NH0102S0001WH	Ruínas Álvaro Cunqueiro	4,02	Rúa Álvaro Cunqueiro, 51
7	8376038MH9087N0000KU	Finca Porto Fenicio, par 38	65,44 euros	Rúa Bouciña, par nº 38
8	9288214MH9098N0001MY	Finca Bar Victoria		Bo Listres, 64
9	8376039MH9087N0000RU	Agrup Trasporto 38.		Rúa Trasporto, Aguiño.



		Porto Fenicio		
10	15074A026004920000KR	Parcela 492- Agrup Trasporto	166,74 euros	Lg. Trasporto, Polígono 26. Aguiño.
11	15074A026010540000KS	Parcela 1054- Agrup Trasporto.	164,76 euros	Lg. Trasporto. Polígono 26, Aguiño.
12	15074A026011030000KF	Parcela 1103- Agrup Trasporto.	32,53 euros	Lg. Trasporto. Polígono 26, Aguiño.
13	15074A026010880000KU	Parcela 1088-Agrup Trasporto.	51,81 euros	Lg. Trasporto. Polígono 26, Aguiño.
14	15074A026011020000KT	Parcela 1102-Agrup Trasporto.	18,44 euros	Lg. Trasporto. Polígono 26, Aguiño.
15	15074A026011040000KM	Parcela 1104-Agrup Trasporto	8,51 euros	Lg. Trasporto. Polígono 26, Aguiño.
16	15074A022011790000KS	Finca Braña do Mulo-Argentino (SR)		Lg. Braña do Mulo. Aguiño.
17	8376036MH9087N0001QI	Finca Poncar (Porto Aguiño/Rúa Barca)	96,17 euros	Rúa Porto, 19
18	9190204MH9099S0001OI	Finca Casetas Río-Parc 4	62,89 euros	Listres, 15965. Aguiño
19	9190203MH9099S0001MI	Finca Casetas Río-Par 3	39,68 euros	Listres, 15965. Aguiño
20	9190202MH9099S0001FI	Finca Casetas Río-Par 2	32,05 euros	Listres, 15965. Aguiño
21	8787123MH9088N0000FQ	Agrup 4 fincas Bo Listres	229,61 euros	Rúa Luis Pimentel, Aguiño
22	15074A019003650000KI	Finca Agro Cobaza Ameixida (costa).	80,41 euros	Lg Ameixida, costa con estrada xeral
23	15074A019004460001LA	Finca Alto Pinar As Cobas Ameixida	77,50 euros	Lg Martín, Pol 19, par 446
24	15074A019014840001LB 15074A019002620000KM	Finca Touro nº 1 e 2. Ameixida	161,05 euros	Lg Ameixida (Touro)
25	15074A921011310000UK	Finca Areeiros (peche bloques)	22,65 euros	
26	15074A027004190000KG	3 Fincas Areeiros	50,91 euros	Estrada Xeral Castiñeiras, fronte praia Ameixida.
27	15074A027004200000KB	Lg Areeiros 93 Polig 27 Par 420	100,94 euros	Lg Areeiros
28	15074A027004120000KZ	Lg Areeiros Solo Pol 27 Par 412	30,63 euros	Lg Areeiros
29	3849113NH0134N0001WI 3849112NH0134N0001HI	Finca Modorrónes 1 e 2	140,15 euros	Rúa Norte 80, Palmeira.
30	3444557NH0134S0001FH	Ruínas c/Bacelo	35,45 euros	Rúa Bacelo, 7 15959
31	15074A035003790000KR	Finca Brañal 488 m (preto planta reciclaxe)	20,43 euros	Cm Brañal, Pol 35, Parc 379
32	15074A035010690000KE	Pinar Suesa (SR). Fabián Palmeira		Lg Chacín, Fabián Palmeira. Polígono 35, par 1069
33	3342111NH0134S0001SH	Casa Doutor Torres	203,41 euros	Rúa Doutor Torres, 14
34	15074A019003900000KF	Casa Ameixida – Lg Mosqueira	124,99 euros	Estrada Xeral, 3, Lg Mosqueira, Ameixida
35	15074A938014070000UD	Casa Xenxides (Hospital Barbanza)	108,00 euros	Lg Xenxides 2, Canles, 15960
36	9089608MH9098N0001PY	Casiña Listres Poncar. Rúa Higuera, Aguiño	181,88 euros	Bo Listres, 83, Estrada Xeral. Carreira, Aguiño.



37	0291902NH0009S0001FG	Casa Curros co terreo	114,84 euros	Rúa Curros, Porto Novo, 28.
38	15074A019009240000KQ	Casa Suizos, praia Castiñeiras	286,01 euros	Estrada Xeral, 134-Pol 19, Parcela 924.
39	9192202MH9099S0001QI	Casa Matarredondo con terreo.		Bo Listres, 12 Carreira.

- Exonerar á entidade “**Agro do Bacelo, S.L.**” do custo do IBI correspondente dos inmobles que se refiren de seguido (1.020 euros aproximadamente), por todo o tempo de vixencia do acordo de cesión e, neste caso, con carácter retroactivo desde o ano 2018, quedando condonadas as cantidades devengadas ata a actualidade:

Orde	Refª Catastral	Inmoble	IBI (cota anual)	Enderezo
1	3444224NH0134S0000GG	Parcela 2 – Agro do Bacelo Palmeira		Lg Río Miñoteiro
2	3444228NH0134S0000TG	Parcela 4 – Agro do Bacelo Palmeira		Lg Río Miñoteiro
3	3444229NH0134S0000FG	Parcela 7 – Agro do Bacelo Palmeira		Lg Río Miñoteiro
4	3444225NH0134S0000QG	Parcela 3 – Agro do Bacelo Palmeira		Lg Río Miñoteiro

- Exonerar ás entidades “Villaval Inmobiliaria S.L.” e “Agro do Bacelo, S.L.”, de todas as obrigas de mantemento, conservación e/ou de calquera outra índole e responsabilidade (actual ou que puidera xurdir no futuro), en relación as todas as propiedades das citadas entidades enumeradas nas táboas que constan neste informe.
- Asumir as obrigas e responsabilidades que se deriven do uso a que se destinen as fincas obxecto de cesión polo Concello.

Co presente escrito achégase a seguinte documentación: Un anexo no que se recollen as parcelas propiedade das citadas entidades no municipio de Ribeira afectadas polas condicións solicitadas; escritura de constitución de sociedade limitada outorgada por Villaval Inmobiliaria S.L. na data 05/11/1999, ante o Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, co número de protocolo 2391; escritura de modificación do órgano de administración, nomeamento de Consello de Administración, designación de cargos e nomeamento de conselleiros delegados, autorizada polo Notario de Ribeira, D. Óscar Manuel López Doval, na data 02/03/2006, co número 335 de protocolo; escritura de poder, outorgada na data 01/02/2010, ante o Notario de A Pobra do Caramiñal, D. Gonzalo Freire Barral, co número 106 de protocolo; escritura de división, modificación de préstamo e cesión gratuíta, autorizada na data 14/05/2010 ante o Notario de Ribeira, D. Gonzalo Freire Barral, co número 262 de protocolo; escritura de compravenda, outorgada na data 11/05/2006, polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. Gonzalo Freire Barral, co número 331 de protocolo; escritura de compravenda, outorgada na data 13/07/2006, polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. Gonzalo Freire Barral, co número 813 de protocolo; e escritura de protocolización de acordos sociais, outorgada na data 29/11/2000, polo Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, co número 2.121 de protocolo.

2.- Por Providencia da alcaldía de data 07/02/2023 ordénase dar traslado da referida Providencia aos departamentos de secretaría e intervención, a fin de que, previos os



trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia coas condicións impostas.

3.- Consta informe emitido na data 17/03/2023 polo arquitecto municipal no que se valora a parcela de referencia catastral 0291902NH0009S0001FG, obxecto de cesión de uso, na contía aproximada de 53.790,00 euros.

4.- Consta informe emitido na data 17/03/2023 polo arquitecto municipal no que se valora a parcela de referencia catastral 3444225NH0134S0000QG, obxecto de cesión de uso, na contía aproximada de 338.013,75 euros.

5.- Consta informe emitido na data 17/03/2013 polo arquitecto municipal no que se valora a parcela de referencia catastral 15074A035003790000KR, obxecto de cesión de uso, na contía aproximada de 8.626,50 euros.

6.- Na data 10/05/2023, realizase informe-proposta pola técnico de administración xeral do departamento de secretaría no que se dispoñen as seguintes consideracións xurídica coa conseguinte proposta de resolución:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- *Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2ª da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.*

Segunda.- *O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.*

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: "1. A adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levara anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario."

Terceira.- *O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade cos artigos 1. 2 f) do RB e 4 e 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.*

Cuarta.- *En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.*

Quinta.- *Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante.*



Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

Sexta.- De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidades locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a comparecencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

Sétima.- A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación ao doante.
- Elevación da doazón a escritura pública.

Oitava.- No presente caso, trátase da posibilidade de que o Concello dispoña do uso de tres fincas, por un tempo indeterminado e para o uso público de aparcadoiro, por ofrecemento das entidades propietarias.

Os preceptos legais citados regulan a adquisición de bens ou dereitos a título gratuito (con ou sen modalidade onerosa). O certo é que a cesión gratuita do uso de bens de terceiros non se recolle na lexislación vixente. Aínda así, e baseándonos no principio xurídico ou aforismo de que o que pode o máis pode o menos, **si é posible adquirir gratuitamente un ben, incluso baixo condicións onerosas, tamén será posible, en determinadas condicións, dispoñer soamente do seu uso.**

As parcelas obxecto de cesión de uso coas referencias catastrais 15074A035003790000KR e 0291902NH0009S0001FG, son propiedade da entidade "VILLAVAL INMOBILIARIA S.L.", representada por D. Juan Carlos Escurís Villa, con DNI número 33241339Z, constituída en escritura autorizada polo Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, o día 05/11/1999, co número 2.391 de protocolo, e co CIF número B-15715519, tal e como consta na escritura pública de compravenda de data 13/07/2006, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. Gonzalo Freire Barral, co número 813 de protocolo, e na escritura pública de compravenda de data 11/06/2006, autorizada polo Notario de A Pobra do Caramiñal, D. Gonzalo Freire Barral, con número 331 de protocolo, respectivamente.

Están inscritas no Rexistro da Propiedade de Noia ao Tomo 1209, Libro 329, Folio 75, Finca número 27847, e ó Tomo 763, Libro 194, Folio 132, Finca número 16311, respectivamente.

A parcela obxecto de cesión de uso coa referencia catastral 3444225NH0134S0000QG, é propiedade da entidade "AGRO DO BACELO S.L.", representada por José Luís Escurís Villa, con DNI número 33237099Y, constituída en escritura autorizada polo Notario de Boiro, D. José Prieto Luengo, o día 29/12/2003, co número 2.398 de protocolo, e co CIF número B-15916489, tal e como consta na



escritura de división, modificación de préstamo e cesión gratuíta, autorizada polo Notario de Ribeira, D. Gonzalo Freire Barral, na data 14/05/2010, co número 262 de protocolo.

Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia.

Dos datos expostos resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas.

En relación ás **actuacións formais necesarias** para proceder á cesión de uso dos terreos a título gratuito, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que **non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire.** Contrariamente, as condicións impostas polas entidades cedentes que obrigan ao Concello á exoneración do importe do IBI con respecto a todos os inmobles propiedade das entidades cedentes relacionados mais arriba e a asumir as obrigas de mantemento, conservación e/ou de calquera outra índole e responsabilidade (actual ou que puidera xurdir no futuro), en relación as mencionadas propiedades, **si se consideran condicións onerosas, polo que é preciso realizar previo expediente, tal e como esixe o artigo 12.2 do RB, no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.**

Neste suposto, consta no expediente informes de taxación dos terreos obxecto de cesión pola entidade "VILLAVAL INMOBILIARIA, S.L.", emitidos polo arquitecto municipal na data 17/03/2023, e no que se valoran os terreos a ceder nun total de 62.416,5 euros, sendo o custo do gravame imposto, no que se refire á condición da exoneración do IBI dos inmobles propiedade da citada entidade, un total de 3.040,92 euros anuais:

Fincas (Referencias Catastrais)	Valor	Gravame
0291902NH0009S0001FG, 15074A035003790000KR	53.790 euros 8.626,50 euros Total: 62.416,5 euros	3.040,92 euros anuais

Consta, así mesmo, informe de taxación do terreo obxecto de cesión pola entidade "AGRO DO BACELO S.L.", emitido polo arquitecto municipal na data 17/03/2023, e no que se valoran o terreo a ceder nun total de 338.013,75 euros, sendo o custo do gravame imposto, no que se refire á condición da exoneración do IBI dos inmobles propiedade da citada entidade, un total de 1.020 euros anuais (aquí sería preciso realizar o cálculo exacto do IBI dende o ano 2018, xa que solicitan a súa exoneración dende o citado ano).

Fincas (Referencias Catastrais)	Valor	Gravame
3444225NH0134S0000QG	338.013,75 euros	1.020 euros anuais

Visto o referido, e sendo preciso que polos servizos económicos se realice unha comprobación exacta da contía total da exoneración do IBI solicitada polas entidades cedentes en relación ós bens da súa titularidade, **en principio cumpríriase o requisito imposto pola norma regulamentaria de aplicación de que o valor do gravame imposto non exceda do valor do que se adquire. Todo isto en relación á condición da exoneración do citado imposto.**

Non consta, sen embargo, o custo da segunda condición onerosa imposta: asumir todas as obrigas de mantemento, conservación e/ou de calquera outra índole e responsabilidade (presente ou futura) dos inmobles de titularidade das entidades cedentes referidos no inicio desde informe, xa que se entende que a valoración desta condición sería canto menos, inabarcable. A condición imposta, tal e como se expresa polas entidades cedentes e referida a todos os seus inmobles, traería como consecuencia que o Concello asumise obrigas de conservación e mantemento de inmobles dos que descoñece o seu estado, así como asumir calquera tipo de responsabilidade (presente e futura) derivada do citados inmobles, dos que tamén descoñece a súa situación xurídica. **Isto é, preténdese que o Concello asuma todas as obrigas referidas a un total de 43 inmobles como si fose o**



propietario dos mesmos, todas as obrigas e responsabilidades que implica o concepto de propiedade, pero sen ostentar ese dereito.

Esta condición traería como consecuencia que o Concello asumise unha responsabilidade ilimitada referida a un total de 43 inmobles, o que se considera unha condición absolutamente abusiva e contraria ó interese público e ós principios de boa administración que deben presidir calquera tipo de contrato celebrado por unha Administración Pública (artigo 34.1 da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público).

De conformidade coa DA 2ª da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en función da valoración do referidos bens, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde (ao non superar o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente que ascende á contía de 2.216.891,55 euros nin os 3 millóns de euros), competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 17/06/2019.

Por elo, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2526/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que subscribe eleva a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de uso gratuíta dos bens inmobles referidos a continuación, propiedade da entidade “VILLAVAL INMOBILIARIA S.L.”, quedando o Concello suxeito á condición onerosa consistente en exonerar á entidade cedente do custo do IBI correspondente dos inmobles que se refiren nos antecedentes deste informe (3.040,92 euros aproximadamente), por todo o tempo de vixencia do acordo de cesión:

- Finca “Brañal”, de referencia catastral 15074A035003790000KR, sita no lugar de Brañal, polígono 35, parcela 379, da parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira. Superficie 486 metros cadrados.
- Finca “Curros”, de referencia catastral 0291902NH0009S0001FG, sita na Rúa Porto Novo, nº 28, da parroquia de Castiñeiras, municipio de Ribeira. Superficie 752 metros cadrados.

SEGUNDO.- Aceptar a cesión de uso gratuíta do ben inmueble referido a continuación, propiedade da entidade “AGRO DO BACELO, S.L.”, quedando o Concello suxeito á condición onerosa consistente en exonerar á entidade cedente do custo do IBI correspondente dos inmobles que se refiren nos antecedentes deste informe (1.020 euros aproximadamente), por todo o tempo de vixencia do acordo de cesión e, neste caso, con carácter retroactivo desde o ano 2018, quedando condonadas as cantidades devengadas ata a actualidade:

- Finca de referencia catastral 3444225NH0134S0000QG, sita no lugar de Río Miñoteiro, da parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira. Superficie 3.919 metros cadrados.

TERCEIRO.- Non aceptar a condición onerosa imposta consistente en asumir todas as obrigas de mantemento, conservación e/ou de calquera outra índole e responsabilidade (presente ou futura) dos inmobles de titularidade das entidades cedentes referidos no inicio desde informe, por considerar que se trata dunha condición abusiva e contraria ó interese público e ós principios de boa administración que deben presidir calquera tipo de contrato celebrado por unha Administración Pública (artigo 34.1 da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público), segundo o referido neste informe.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231095601
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/05/2023	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/05/2023	Fecha: 18/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/05/2023 13:20:31		Hora: 13:20



CUARTO.- Realizar a cesión de forma temporal e ata que os seus propietarios reclamen a dispoñibilidade das fincas cedidas, que se faría por escrito e cunha antelación de dous meses previos á data de cancelación da cesión.

QUINTO.- As parcelas cedidas destinaríanse unicamente para uso de aparcamento público.

SEXTO.- Asumir as obrigas e responsabilidades que se deriven do uso a que se destinen as fincas obxecto de cesión polo Concello.

SÉTIMO.- Anotar a cesión de uso no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

OITAVO.- Atender ó cumprimento das condicións onerosas que se aceptan.

NOVENO.- Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, e para que realice as xestións necesarias para o cumprimento das condicións onerosas establecidas polas entidades cedentes e aceptadas pola entidade cesionaria.

DÉCIMO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

7.- Na data 11/05/2023, emítase informe polo Interventor en sentido desfavorable con carácter suspensivo, polos seguintes motivos:

“As condicións que se propoñen son dúas: a exención do IBI das parcelas obxecto de cesión e dunha relación de inmobles propiedade dos cesionarios que abarca un total de 43 inmobles, e a asunción polo Concello de tódalas obrigas de mantemento, conservación e/ou calquera outro inmovible e responsabilidade (presente ou futura) dos 43 inmobles recollidos na relación mencionada.

